

**ACTA DA SESION ORDINARIA DA COMISION MUNICIPAL DE GOBERNO
CORRESPONDENTE O DIA 4 DE MARZO DE 1996.-**

Na Casa do Iltmo. Concello de Ribadavia o día catro de Marzo de mil novecentos noventa e seis; ás sete da tarde xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Comisión Municipal de Goberno correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don Jaime Dávila Sánchez.- Concelleiros: Don José Pérez Iglesias, e Don Celso Sotelo Barroso.- Non asiste, Don Amando Martínez Deaño.

Está presente o Secretario-Interventor accidental, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado día 26 de Febreiro pasado.

2.- OBRAS MAIORES.-

Examinadas as solicitudes presentadas e os informes emitidos polo Aparellador Municipal, concédese licencia para a execución de obras, salvo os dereitos do común e sen prexuízo de terceiros, ós seguintes señores, a cal licencia non terá efecto sen o previo aboamento dos dereitos municipais que constan na liquidación provisional do Sr. Interventor, a resultas da definitiva, por unanimidade:

A **Don Raúl Fernández Feroso**, veciño de Ourense, con domicilio na rúa E. Pardo Bazán, 9, 6º C, no nome e representación da Sociedade Comunidade de Bens Irmáns Fernández Docampo, para que poida construír un inmovible para locais e vivendas na rúa do Ribeiro, 27 desta Vila; a Comisión de Patrimonio sinala seis puntos para ter en consideración no proxecto técnico presentado e que son: 1).- "A cuberta farase sen quebros e faldóns continuos".- 2).- O granito da fachada ten que ser abuxardado fino, da cor tostada. Non se autoriza o granito pulido.- 3).- A cuberta de tella cerámica curva.- 4).- Os canalóns e baixantes metálicos.- 5).- Correspóndelle ó Concello determinar se o voladizo desde a 2ª planta axústase á normativa existente.- 6).- Aconséllase que se reconsidere a altura da chimenea cercana á fachada principal xa que pode anula-la composición de alzada nunha perspectiva real; tamén se acorda autoriza-lo anexo ó proxecto presentado coas puntualizacións que fai a Comisión Territorial de Patrimonio Histórico e que se indicaron anteriormente. A validez desta licencia é de seis meses a partir da súa notificación. Erguese a definitiva a liquidación provisional practicada ós efectos do Imposto de Construcións, Instalacións e Obras desta licencia, o cal importe é de 1.196.254 pesetas.

3.- ESCRITOS DE SEÑORES CIADANS.-

Visto o escrito de Don Alejandro Fernández Ríos, veciño desta Vila, con domicilio na rúa Eduaardo García Penedo, 1, 3º, esquerda, na representación da súa dona Dona Asunción Vázquez Gómez e tamén da Comunidade de Herdeiros de Dona Asunción Gómez Juste, no que interesa información urbanística a fin de poder levar a cabo a parcelación da finca que sinala no mesmo, a

Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, presta aprobación ó informe emitido polos servizos técnicos do Concello, que di o seguinte: "CONDICIONS URBANISTICAS.- Estrada de Filgueira. Estudio de Detalle Francelos Travesía. Ordenanza de aplicación: 14.2 UM USOS MIXTOS.- 14.2.- ORDENANZA USOS MIXTOS.UM. Definiación.- Espacio en ordenación aberta, cerrada ou mixta destinado a usos mixtos, de residencia, industrial, comercio e dotacións, así como demais usos nucleares asociados a eles. Tendo en conta as diferentes características urbanísticas da Travesía e do interior do núcleo, no ámbito que é de aplicación a presente ordenanza, esta divídese en dous graos.- GRAO A.- AMBITO TERRITORIAL.- Sinalado no plano de aliñacións, rasantes e ordenación.- NORMAS DE USO.- USOS ADMITIDOS.- Residencial: vivenda agrupada (considérase coma tal a colectiva, é dicir, máis dunha vivenda por edificio); comercial: primeira categoría; industrial: en categoría primeira; dotacional, calquera categoría.- NORMAS DE VOLUME.- CONDICIONS DE PARCELACION.- Aliñacións: segundo plano de aliñacións, rasantes e ordenación; rasantes: as existentes; posición: entre medianeiras.- CONDICIONS DE PARCELACION.- Parcela mínima: 60 m²; fronte mínima: 6 metros.- CONDICIONS DE EDIFICACION.- Altura máxima: tres plantas (B+2); permítese aproveitamento baixo cuberta; o patio de parcela poderá cubrirse cunha planta ou 3,50 metros de cornisa; fondo máximo edificable: 12 metros; na planta baixa e soto poderá ser do 100% do solar no ámbito de aplicación da ordenanza. Sobre o plano Escala 1:500 atópase grafiada a referencia UMA III e sinalado o seu ámbito con trazo fino continuo.- GRAO B.- AMBITO TERRITORIAL.- Sinalado no Plano de Ordenación.- NORMAS DE USO.- USOS ADMITIDOS.- Residencia: vivenda unifamiliar; comercial: primeira e segunda categoría; industrial: en categoría primeira; dotacional: calquera categoría.- NORMAS DE VOLUME.- CONDICIONS DE POSICION.- Aliñación: as definidas no plano de aliñacións, rasantes e ordenación correspóndense cos cerramentos; posición: illada; unifamiliar: retranqueo, tres metros a tódolos lindeiros; outros usos: retranqueo, cinco metros a tólos lindeiros. As vivendas poderanse adosar no suposto de acordo entre colindantes; rasantes: a do terreo natural ou no seu caso a da rúa a que dea fronte e medida a altura en calquera caso no punto medio das súas fachadas.- CONDICIONS DE PARCELACION.- Vivenda unifamiliar; parcela mínima: 300 m²; fronte mínima: doce metros; Outros usos: parcela mínima: 500 m²; fronte mínima: 20 metros; condicións de edificación: altura máxima: unifamiliar: dúas plantas (B+1) e 7,00 metros, Agrupada: tres plantas (B+2) e 10,00 metros, permítese o aproveitamento baixo cuberta habitable, sen computar a efectos de edificación, ocupación máxima: 50%, edificabilidade: 1 m²/m² en vivenda unifamiliar e 1,5 m²/m² noutros usos; Condicións estéticas: son comúns a ambos graos; materiais de fachada: as fachadas serán de pedra do país ou acabados en morteiro monocapa de cores habituais na zona. Prohíbense expresamente os aplacados e azulexos; cubertas: as cubertas serán inclinadas, sendo o material de cubrición tella cerámica plana ou curva. A pendente máxima será do 45% partindo da liña de cornisa, debendo ser uniforme. Quedan prohibidos os quebros nas fachadas; carpintería exterior: empregaranse madeira ou aluminio lacado nas cores similares ás existentes na actualidade. Sobre o plano Escala 1.500 atópase a referencia UMB II e sinalado o seu ámbito con trazos grosos así como a aliñación.- ESTRADA N-120 VELLA.- O resto dos terreos correspondentes á propiedade de Herdeiros de Dona Asunción Gómez Juste limitados pola N-120 ó Norte e Sur Estudio de Detalle de Francelos Travesía segundo as NN.SS. están calificados como S.N.U./N. Ordenanza de aplicación 6.3 SNU/U, solo non urbanizable normal.- 6.3.- ORDENANZA SNU/U: SOLO NON URBANIZABLE NORMAL.- 6.3.1.- DEFINICION.- O espacio destinado á explotación directo do solo, xa sexa agrícola, forestal, pecuaria, así como á explotación de depósitos e extracción de

terras, rocas e minerais.- 6.3.2.- AMBITO TERRITORIAL.- Todo o territorio municipal, excepto o calificado como urbano, de reserva urbana ou non urbanizable doutro tipo.- 6.3.3.- NORMAS DE USO.- 6.3.3.1.- USOS PREVISTOS.- Explotacións agrícolas, pecuarias e forestais; explotacións de depósitos petrográficos e mineralóxicos; construcións vinculadas ás obras públicas; edificacións e instalacións de utilidade pública ou social; vivendas familiares sen formar núcleo, campings, etc.- 6.3.3.2.- USOS TOLERADOS.- Industria vinculada a depósitos. Industrias illadas. Almacéns de produtos insalubres, nocivos, tóxicos ou perigosos. Grande Industria.- 6.3.4.- NORMAS DE VOLUME.- 6.3.4.1.- CONDICIONS DE POSICION.- Retranqueo mínimo: frontal, cinco metros a partir da arista exterior da calzada; lateral posterior: usos de vivenda, tres metros. Usos menores (casetas, alpendres, etc.), sen límite; outros usos, tres metros.- 6.3.4.2.- CONDICIONS DA PARCELA.- Parcela mínima, unidade de cultivo.- 6.3.4.3.- CONDICIONS DE EDIFICACION.- Altura máxima: uso de vivenda, dúas plantas ou oito metros; usos menores, unha planta ou cinco metros; outros usos, os que requira a explotación ou proceso debidamente xustificadas.- Nas NN.SS.P. dánse as pautas que complementan as normas específicas, artigo 24. O Concello de Ribadavia corresponde á Area 2 cunha superficie mínima de parcela edificable de 4.000 metros cuadrados".

Visto o escrito de Don Manuel Martínez Miguélez, veciño de Francelos, con domicilio na Estrada de Filgueira, no que interesa condicións urbanísticas aplicables a un inmovible sito na rúa Cano do devandito lugar, a Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, presta aprobación ó informe emitido polos servicios técnicos do Concello, que di: "A ubicación correspondente á Mazá A-II cun aproveitamento de B+1.- 4.1.1.- Ordenanza C.V. categoría A.- Fondo Máximo de edificación entre medianeiras.- Voos abertos máximo 50 cm. con peto de fundición ou ferro así como galerías.- Cornisa sen quebras, pendente máxima 45%. Fachada de pedra de granito tipo perpiaño, etc.; carpintería exterior madeira ou aluminio lacado.- Con estas condicións aclarará en que consiste a reforma, considerando que si se reforma a estrutura é preciso a redacción dun proxecto".

Visto o escrito de Dona Carmen Barreiro Vidal, veciña de Francelos, con domicilio na rúa Laxas, no que interesa información urbanística aplicable a un solar da súa propiedade, sito na Estrada de Filgueira do devandito lugar, a Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, presta aprobación ó informe emitido polos servicios técnicos do Concello, que di: "E aplicable o que determina o Estudio de Detalle Francelos-Travesía, Ordenanza 14.1.- Cabe destacar: Condicións de posición. Aliñacións e rasantes, as do planeamento; Condicións de parcelación; solar mínimo 60 m²; fronte mínima, 6 metros.- Condicións de edificación. RC IV, baixo+tres plantas altas. Altura de cornisa, 13,50 metros. Fondo de edificación, 20 metros.- O espacio interior do polígono delimitado trazando parcelas ás aliñacións exteriores á distancia sinalada como fondo de edificación será considerada como patio de mazá. Permítese aproveitamento baixo cuberta habitable sen computar a efectos de edificabilidade. A planta soto poderá ocupa-lo patio de mazá.- Previo á edificación é preciso urbaniza-la rúa posterior, actualmente camiño da Cabrita sendo preciso a súa definición cun proxecto xeral de rúa e cesión de terreos".

Visto o escrito de Don Xosé Rodríguez García, veciño desta Vila, con domicilio na rúa Oliveira, 17, no que interesa información urbanística aplicable a un solar da súa propiedade sito na rúa do Ribeiro-esquina Avia, a Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, presta aprobación ó informe emitido polos servicios técnicos do Concello que di: "O solar de referencia atópase situado na ZONA de PROTECCION DO CONXUNTO HISTORICO ARTISTICO (ZP/CHA).-

Ordenanzas de aplicación 4.0 CA: Casco Histórico e 4.8 CU Conxunto Urbano en conservación parcial de carácter.- Cabe destacar: fondo máximo para calquera altura, 15 metros.- Alturas: rúa Avia B+2. Rúa do Ribeiro B+3.- Condicións estéticas e forma segundo proposta que se aporte e mereza a aprobación da Comisión de Patrimonio.- Xustificación.- Entre outras MEMORIA, apartado 9 CAPITULO V.- Condicións de edificación 3.4. Medición xenérica.- a) Edificios de esquina ou chaflán. Tomarase como altura máxima a correspondente á vía de maior anchura podendo continuarse esta altura pola rúa de menos ancho ata o fondo máximo correspondente, definido pola aliñación interior do patio de mazá. A partir de aí, a altura será a correspondente á rúa de menor ancho, debendo tratarse coma fachada os parámetros ó descuberto. Cando o anteriormente preceptuado ten lugar a solucións non constructivas, poderá admitirse a prolongación da edificación correspondente á rúa de maior ancho, noutro xeito, sempre que non sobrepase o volume correspondente.- 3.4.5.- Corpos voados.- O arranque de corpos voados efectuarase como mínimo de 3,5 metros sobre a rasante da beirarrúa no punto de cota máis alto.- A profundidade do voo será inferior ó 10% do ancho da rúa non debendo rebasar 1,30 metros.- 3.4.6.- Chaflanado.- Cabe destacar.- Segmentos cuos extremos estarán a 3 metros do punto de intersección das aliñacións, cun mínimo de fronte de chaflán de tres metros.- Coas condicións que se sinalan, aportarase un anteproxecto que se someterá ó criterio estético e de forma da Comisión de Patrimonio".

Visto o escrito de Don Manuel González Campos, veciño desta Vila, con domicilio no Camiño Maquiás, 12, no que interesa certificación de segregación dunha finca sita no devandito lugar, a Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, presta aprobación ó informe emitido polos servizos técnicos do Concello, que di: "O Concello de Ribadavia dispón dunhas NN.SS.M.- A propiedade de Don Manuel González está ubicada nun solo clasificado como RM, residencial mixta, ordenanza 4.7.- A zona está pendente de Estudio de Detalle segundo sinala o punto 4.7.4.1.- Condicións a ter en conta para o estudio de Detalle en canto á parcelación: RC 4.1., solar mínimo 60 m²; fronte mínima, 6 metros; RA 4.2, superficie edificable máxima, 70%. Parcela mínima: vivenda colectiva e outros usos: 500 m². Vivenda unifamiliar 300 m².- Cando a parcela o permita, a xuízo municipal deberán de agruparse as parcelas e constituír espazos de uso público a ceder ó Concello en proporción mínima do 5% cada propietario. D 4.4, non constan condicións de parcelación.- Son, por conseguinte, estas condicións as aplicables ó Estudio de Detalle que se ten que elaborar e que sirva para o ordenamento da zona".

Visto o escrito de Don Manuel González Rodríguez, veciño de Francelos, no que interesa se lle anule unha licenza para execución de obras concedida pola este mesmo órgano, na súa sesión correspondente ó 27 de Abril de 1995, a Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, e baseándose na solicitude do propio interesado acorda a anulación da devandita licenza así como tamén deixar sen efecto a liquidación practicada por tal licenza urbanística.

Visto o escrito de Don Celso Alvarez Raña, veciño de Carballeda de Avia, con domicilio na rúa Rosalía de Castro, 66, no que prega o troco do seu vehículo matrícula OR-0732-L, adscrito á licenza de autotaxi nº 1, por outro novo (Opel Astra 1.7 D), matrícula OR-1308-S, a Comisión Municipal de Goberno, tendo en conta que neste Concello non hai modelo homologado desta clase de vehículos, accede ó cambio interesado, polo cal, a partir de agora, a licenza nº 1 de autotaxi, desenvolverase co vehículo OR-1308-S, causando baixa, a tódolos efectos, o vehículo matrícula OR-0732-L; polo interesado deberán cumprirse tódalas disposicións contidas nos Regulamentos Nacional e Municipal e mesmo comprometerse, coma el mesmo sinala no seu

escrito, a desenvolve-lo traballo da praza de taxi de xeito persoal.

Visto o escrito de Don Francisco Javier Bouzas Gómez, veciño de Prexigueiro, no que interesa prórroga de licencia de obras concedida para construír unha vivenda unifamiliar no lugar da "A Rotea" en San Cristovo por este mesmo órgano na súa sesión celebrada o 9 de Agosto de 1994; esta Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda acceder ó solicitado, tendo en conta que, deberá cumpri-las condicións sinaladas naquela data.

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

A Comisión Municipal de Goberno, coñece os seguintes:

Da Farmaceutica titular, partes quincenais de cloración de augas do abastecemento do consumo público de Santa Cristina e Ribadavia.

5.- CUESTIONS ECONOMICAS.-

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda o aboamento da factura correspondente ó mes de Febreiro presentada polo Sr. Asesor Urbanístico do Concello de acordo co convenio de colaboración entre este Concello e o Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia (Delegación de Ourense), por importe de 105.600 pesetas.

ENTROIDO 96.- A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda aproba-la contía dos premios por actuacións no pasado Entroido; os grupos ós que se lle concede son os seguintes: Brétema de Gomesende, 75.000 pesetas; Regreso ó Este de Barreira de Posada, 50.000 pesetas; Carrís de Leiro, 38.000 pesetas; Caperucitas de Ribadavia, 15.000 pesetas.

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda concede-los premios ós disfraces seguintes: 1º Premio, 8.000 pesetas de Dona María Carmen Arias; 2º premio, 5.000 pesetas de Don Jesús Vázquez.

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda aproba-la factura presentada polo grupo participante no Entroido 96 "Campobecerro", correspondente a desprazamento e comida dos membros do mesmo, por importe de 42.800 pesetas e 55.000 pesetas, respectivamente.

Habéndose dectado un erro involuntario nun acordo acadado por este mesmo órgano na súa sesión correspondente ó día 29 de Xaneiro pasado, correspondente á liquidación do prezo público por ocupación da vía pública con materiais, a Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda rectifica-lo devandito erro, pois en donde figura Benito Hermida Atrio, pasará a figurar Antonio Chao que é realmente o propoietario do inmoible no que se realizaron obras polas que se ocupou a vía pública, co que, queda salvado o erro en cuestión.

6.- ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-

Non se fixeron.

E sendo as sete e media da tarde, o Sr. Alcalde ergueu a sesión, estendéndose a presente, da cal, coma Secretario accidental, certifico.

